

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE MODIFICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES SELECCIONADAS NO CADRO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA ERASMUS+ KA131 DURANTE O CURSO 2025-26 PARA PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR 2ª FASE**

Mediante a resolución reitoral do 02 de xuño de 2025 publicouse a convocatoria de axudas para a participación do persoal docente e investigador no programa Erasmus+ para persoal docente e investigador no curso de 2025-26, no marco da acción KA131.

Trala publicación das listaxes definitivas de solicitudes seleccionadas para realizar unha mobilidade entre xaneiro e xullo de 2026, segunda fase da convocatoria, esta reitoría

RESOLVE:

Publicar as seguintes modificacións en relación coa axuda de viaxe concedida:

Apelidos	Nome	Axuda de viaxe	Motivo	Total axuda concedida
Carballo Afonso	María Rocío	211 € en lugar dos 28 € publicados	Tramo de distancia entre entre 100 e 499 Kms	1.086 €
Pérez García	José Antonio	580 € en lugar dos 395 € publicados	Tramo de distancia entre entre 3000 e 3999 Kms	1.560 €
Samy Gamaleldin	Sherine	285 € en lugar dos 211 € publicados	Viaxe ecolóxica	1.160 €

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderáse interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producirá a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O REITOR,

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A Vicerreitora de Internacionalización

María Isabel Del Pozo Triviño

Este proxecto está cofinanciado polo programa Erasmus+ da Unión Europea. O contido desta convocatoria é responsabilidade exclusiva da Universidade de Vigo e nin a Comisión Europea, nin o Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) son responsables do uso que poida facerse da información aquí difundida.

